

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TUI

#### Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA REPARACIÓN DE DANOS EN VIVENDAS DA DENOMINADA "ZONA CERO" SITUADA NO BARRIO DA TORRE, DA PARROQUIA DE PARAMOS, AFECTADAS POLA EXPLOSIÓN DE MATERIAL PIROTÉCNICO DO 23 DE MAIO DE 2018*

**EXTRACTO DEL ACUERDO DE 25 DE ABRIL DEL 2019 DEL PLENO, POR EL QUE SE APRUEBAN LAS "BASES REGULADORAS DE AYUDAS PARA REPARACIÓN DE DAÑOS EN VIVIENDAS DE LA DENOMINADA "ZONA CERO" UBICADA EN EL BARRIO DE LA TORRE, DE LA PARROQUIA DE PARAMOS, AFECTADAS POR LA EXPLOSIÓN DE MATERIAL PIROTÉCNICO DE 23 DE MAYO DEL 2018"**

BDNS(Identif.):461383

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3. b y 20.8.la de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

#### **Primero.- Beneficiarios**

Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las personas físicas propietarias o usufructuarias que sufrieran daños que afecten a su vivienda, tanto resulte vivienda habitual como se trate de segunda vivienda.

La estos efectos, se define, definiremos cómo primera vivienda aquella en la que el propietario o usufructuario reside de manera habitual, debido a vínculos profesionales y/o personales. Cuando el solicitante no acredite la residencia habitual, el órgano tramitador considerará esta vivienda como segunda residencia.

La condición del inmueble cómo primera vivienda se acreditará por el solicitante mediante certificado de empadronamiento en la misma.

La condición del inmueble cómo segunda vivienda se acreditará por el solicitante mediante facturas de consumos (agua, luz, gas etc.) con una antigüedad igual el inferior a los 6 meses previos la explosión.



Las personas solicitantes de las ayudas deben cumplir con los siguientes deberes:

Además de las establecidas en el artículo 14 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, las personas beneficiarias de las ayudas concedidas al amparo de estas bases reguladoras tendrán, según los casos, los siguientes deberes:

1. Cumplir el objetivo, ejecutar el proyecto, realizar la actividad que fundamenta la concesión de la subvención.

2. Justificar ante el órgano concedente el cumplimiento de la finalidad de la subvención, la realización de la actividad que fundamentó su concesión y su coste real.

3. Destinar las ayudas percibidas al objeto concreto para lo cuál fueron concedidas y realizar las actuaciones que integran el proyecto subvencionado.

4. Comunicarle al órgano concedente la obtención de subvenciones, ayudas, ingresos o recursos que financien las actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse de forma inmediata a su conocimiento y, en todo caso, con anterioridad a la justificación de la aplicación dada a los fondos percibidos.

6. Someterse a las actuaciones de comprobación que deba efectuar el Ayuntamiento de Tui y acercar cuanta información les sea requerida en el ejercicio de las actuaciones anteriores.

7. Ceder al Ayuntamiento de Tui todas las acciones de que disponga la persona beneficiaria para la reclamación de las cantidades aportadas por dicho Ayuntamiento a las personas causantes del siniestro, sin perjuicio del derecho de la persona beneficiaria a reclamar por los daños y perjuicios sufridos que no sean objeto de la ayuda o que excedan de esta.

8. Suministrar al Ayuntamiento de Tui, después de requerimiento al efecto, de conformidad con el artículo 4 de la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno, toda la información necesaria para el cumplimiento de los deberes previstos en el título I de la citada ley.

9. Las demás deberes que se derivan de estas bases reguladoras.

## **Segundo.- Objeto**

Las presentes bases regulan y convocan las ayudas destinadas a sufragar los daños causados en las viviendas de la conocida como zona cero" del barrio de la Torre, situado en la parroquia de Paramos afectadas por la explosión de material pirotécnico producida el 23 de mayo de 2018.

Acercándose junto con las bases de la presente convocatoria el anexo I en el que se declara la denominada "zona cero", sirviendo cómo referente para la concesión de la citada subvención.

## **Tercero.- Bases reguladoras**

Estas Bases habían entrado en vigor el día siguiente de su publicación en el B.O.P. (Boletín Oficial de la Provincia), una vez registradas en la Base de Datos Nacional de Subvenciones. Estarán disponiendo de los interesados, juntos los modelos de inscripciones, y otros anexos, en la página web [www.tui.gal](http://www.tui.gal), y en el tablero de información del Ayuntamiento de Tui.

**Cuarto.- Cuantía**

Las actuaciones subvencionables y las correspondientes cuantías son las siguientes:

1. Serán objeto de ayuda a reconstrucción o reparación de los daños causados por la explosión en la vivienda que constituya la residencia permanente y habitual de sus moradores o segunda residencia y en sus edificaciones auxiliares, entendiéndose que estas edificaciones son aquellas vinculadas a la vivienda principal ubicadas en la misma parcela que no puede ser secretada ni utilizada independientemente de aquella por tercero, sin poder alcanzar la ayuda a daños ya indemnizados, a medio de otras ayudas aprobadas por el Ayuntamiento de Tui o por otras Administraciones Públicas, así como por cualquier otro sistema de cobertura de daños, público o privado, estatal, autonómico o internacional, del que puedan ser beneficiarias las personas afectadas.

En los casos de rehabilitación o reparación del inmueble dañado que constituyan la residencia permanente y habitual de sus moradores, la ayuda se concederá por el importe correspondiente, hasta cubrir como máximo el 100% del valor de reparación o rehabilitación, sin que el importe de dicha ayuda, pueda superar el precio de venta de una vivienda protegida de régimen general en Tui, y siempre con el límite del valor de reposición neto definido, previamente en el artículo 2 de las presentes bases.

En los casos de rehabilitación o reparación del resto de inmuebles dañados que no constituyan residencia permanente y habitual, la ayuda se concederá por el importe correspondiente, hasta cubrir como máximo el 90% del valor de reparación o rehabilitación, sin que el importe de dicha ayuda, pueda superar el precio de venta de una vivienda protegida de régimen general en Tui, y siempre con el límite del valor de reposición neto definido, previamente en el artículo 2 de las presentes bases.

Para el caso de que los daños ocasionados determinaran la ruina de la vivienda, la ayuda se concederá por el importe del 100 % del valor de reposición neto definido, previamente en el artículo 2 de las presentes bases, sin que el importe de dicha ayuda, pueda superar el precio de venta de una vivienda protegida de régimen general en Tui.

3. A los efectos de estas bases reguladoras, se entenderá por viviendas ruinosas aquellas que se encuentren en los supuestos establecidos en el artículo 141 en la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia.

4. A los efectos de la determinación de las cuantías máximas de las ayudas por daños en la vivienda, se computará como superficie útil a correspondiente a la vivienda afectada por la explosión, según los datos que consten en el catastro relativos a la fecha del accidente, sin que, en ningún caso, puedan superarse los 180 m<sup>2</sup>.

5. El plazo para la ejecución de las obras no podrá ser superior a 24 meses, contados a partir del día siguiente al de la notificación de la resolución de concesión de la ayuda.



Luns, 17 de xuño de 2019

Núm. 114

6. A los efectos de la determinación del coste total de las obras, podrán incluir las actuaciones preparatorias que se realizaron antes de la fecha de la presentación de la solicitud, el coste de la redacción de los proyectos, los honorarios de los profesionales que intervengan, los informes técnicos y certificados necesarios y, siempre que todos ellos estén debidamente justificados.

7. Quedan excluidas de estas ayudas las edificaciones ruinosas y las que estuvieran en situación de manifiesto abandono, con carácter previo a la explosión. Asimismo, quedan excluidos de esta ayuda, en todo caso, los daños producidos en la vivienda y finca en la que se encontraba el material pirotécnico y sus instalaciones auxiliares.

8. A los efectos de estas bases reguladoras, el precio de la vivienda protegida de régimen general en atención a la consideración del Ayuntamiento de Tui como ayuntamiento de la zona territorial I, de conformidad con el anexo I del Decreto 402/2009, de 22 de octubre, por lo que se establecen las ayudas públicas en materia de vivienda a cargo de la Comunidad Autónoma de Galicia, será el siguiente:

- 1.212,80 €/ m<sup>2</sup> para las viviendas
- 727,68 €/ m<sup>2</sup> para los garajes, edificaciones auxiliares y trasteros en sótanos o cercas
- 606,40 €/ m<sup>2</sup> para los garajes, edificaciones auxiliares y trasteros en superficie de parcela y abiertos.

#### **Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir del mismo día de la fecha de publicación de estas bases reguladoras en el BOP, finalizando, en todo caso, con el agotamiento de la dotación presupuestaria de la convocatoria.

Tui, a 11/06/2019.

El alcalde en funciones  
*Carlos Vázquez Padin*

**EXTRACTO DO ACORDO DE 25 DE ABRIL DO 2019 DO PLENO, POLO QUE SE APROBAN AS "BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA REPARACIÓN DE DANOS EN VIVENDAS DA DENOMINADA "ZONA CERO" SITUADA NO BARRIO DA TORRE, DA PARROQUIA DE PARAMOS, AFECTADAS POLA EXPLOSIÓN DE MATERIAL PIROTÉCNICO DO 23 DE MAIO DO 2018"**

BDNS(Identif.):461383

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:8581GJS6XSATWCE



**Primeiro.- Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias que sufrisen danos que afecten á súa vivenda, tanto resulte vivenda habitual como se trate de segunda vivenda.

A estes efectos, defínese, definiremos como primeira vivenda aquela na que o propietario ou usufrutuario reside de maneira habitual, debido a vínculos profesionais e/ou persoais. Cando o solicitante non acredite a residencia habitual, o órgano tramitador considerará esta vivenda como segunda residencia.

A condición do inmovible como primeira vivenda acreditarase polo solicitante mediante certificado de empadramento na mesma.

A condición do inmovible como segunda vivenda acreditarase polo solicitante mediante facturas de consumos (auga, luz, gas etc.) cunha antigüidade igual o inferior aos 6 meses previos a explosión.

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes obrigas:

Ademais das establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao amparo destas bases reguladoras terán, segundo os casos, as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar as axudas percibidas ao obxecto concreto para o cal foron concedidas e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse de forma inmediata ao seu coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o Concello de Tui e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7. Ceder ao Concello de Tui todas as accións de que dispoña a persoa beneficiaria para a reclamación das cantidades aportadas por dito Concello ás persoas causantes do sinistro, sen perxuízo do dereito da persoa beneficiaria a reclamar polos danos e perxuízos sufridos que non sexan obxecto da axuda ou que excedan desta.

8. Subministrar ao Concello de Tui, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

9. As demais obrigas que se derivan destas bases reguladoras.

### **Segundo.- Obxecto**

As presentes bases regulan e convocan as axudas destinadas a sufragar os danos causados nas vivendas da coñecida como "zona cero" do barrio da Torre, situado na parroquia de Paramos afectadas pola explosión de material pirotécnico producida o 23 de maio de 2018.

Achegándose xunto coas bases da presente convocatoria o anexo I no que se declara a denominada "zona cero", servindo como referente para a otorgación da citada subvención.

### **Terceiro.- Bases reguladoras**

Estas Bases entraran en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P. (Boletín Oficial da Provincia), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Estarán a dispor dos interesados, xuntos os modelos de inscricións, e outros anexos, na páxina web [www.tui.gal](http://www.tui.gal), e no taboleiro de información do Concello de Tui.

### **Cuarto.- Contía**

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes:

1. Serán obxecto de axuda a reconstrución ou reparación dos danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores ou segunda residencia e nas súas edificacións auxiliares, entendendo que estas edificacións son aquelas vinculadas á vivenda principal ubicadas na mesma parcela que non pode ser segregada nin utilizada independentemente de aquela por terceiro, sen poder alcanzar a axuda a danos xa indemnizados, a medio doutras axudas aprobadas polo Concello de Tui ou por outras Administracións Públicas, así como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal, autonómico ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmmoble danado que constituían a residencia permanente e habitual dos seus moradores, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100% do valor de reparación ou rehabilitación, sen que o importe de dita axuda, poida superar o prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui, e sempre co límite do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do resto de inmmobles dañados que non constitúan residencia permanente e habitual, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 90% do valor de reparación ou rehabilitación, sen que o importe de dita axuda, poida superar o prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui, e sempre co límite do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases.

Luns, 17 de xuño de 2019

Núm. 114

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición neto definido, previamente no artigo 2 das presentes bases, sen que o importe de dita axuda, poida superar o prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Aos efectos destas bases reguladoras, entenderase por vivendas ruinosas aquelas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 141 na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Aos efectos da determinación das contías máximas das axudas por danos na vivenda, se computará como superficie útil a correspondente á vivenda afectada pola explosión, segundo os datos que consten no catastro relativos á data do accidente, sen que, en ningún caso, poidan superarse os 180 m<sup>2</sup>.

5. O prazo para a execución das obras non poderá ser superior a 24 meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

6. Aos efectos da determinación do custo total das obras, poderán incluír as actuacións preparatorias que se realizaron antes da data da presentación da solicitude, o custo da redacción dos proxectos, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios e, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

7. Quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que estivesen en situación de manifesto abandono, con carácter previo á explosión. Así mesmo, quedan excluídos desta axuda, en todo caso, os danos producidos na vivenda e leira na que se atopaba o material pirotécnico e as súas instalacións auxiliares.

8. Para os efectos destas bases reguladoras, o prezo da vivenda protexida de réxime xeral en atención á consideración do Concello de Tui como concello da zona territorial I, de conformidade co anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, será o seguinte:

- 1.212,80 €/m<sup>2</sup> para as vivendas
- 727,68 €/m<sup>2</sup> para os garaxes, edificacións auxiliares e rochos en sótanos ou cerrados
- 606,40 €/m<sup>2</sup> para os garaxes, edificacións auxiliares e rochos en superficie de parcela e abertos.

#### **Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do mesmo día da data de publicación destas bases reguladoras no BOP, finalizando, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria.

Tui, a 11/06/2019.

O alcalde en funcións  
*Carlos Vázquez Padin*

